



DECRETO

Tras ver a proposta que textualmente di:

“Antecedentes.

1.- Na acta da Mesa de Contratación celebrada o día 04-04-2024, acordouse elevar ao órgano de contratación competente o acordo de excluír á mercantil Herbecon Systems, SL,(Lote 1 e 3) por desvelar na súas ofertas técnicas o tempo ofertado de soporte e garantía, criterio que é avaliable de forma automática na seguinte fase.

2.- Con data 25-04-2024, aprobouse a proposta anteriormente transcrita, por Decreto con CSV: IV7X4TD3D4VOKVHO4BWHGYRSCE .

Consideracións Xurídico-Administrativas.

Trátase dunha rectificación de erros materiais, aritméticos ou de feito, prevista no artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 26 de novembro, que a xurisprudencia identifica como “aqueles casos cuxa corrección non implica un xuízo valorativo, nin esixe operacións de cualificación xurídica, por evidenciarse o erro directamente, ao deducirse con plena certeza do propio texto da resolución, sen necesidade de hipóteses ou deducións” ou ben “meras equivocacións elementais, que se aprecian de forma clara, patente, manifesta e ostensible, evidenciándose por si soas, sen que sexa preciso acudir a posteriores razoamentos, nin a operacións valorativas ou aclaratorias sobre normas xurídicas”.

Polo exposto, propónse que polo Sr. Presidente da Deputación de Lugo se adopte a seguinte resolución:

Primeiro.- Corrixir o erro material no Decreto de data 25.04.2024, con CSV IV7X4TD3D4VOKVHO4BWHGYRSCE consistente en que,

Onde di:

“No caso da mercantil Herbecon Systems SL, (Lote 1 e 3) as ofertas técnicas indican o tempo ofertado de soporte e garantía, criterio que é avaliable de forma automática na seguinte fase, polo que procede propoñer a súa exclusión do procedemento de contratación, en cumprimento do recollido no apartado 14.2.2 do PCAP (...).”

Debe dicir:

“No caso da mercantil Herbecon Systems SL, (Lote 1 e 4) as ofertas técnicas indican o tempo ofertado de soporte e garantía, criterio que é avaliable de forma automática na seguinte fase, polo que procede propoñer a súa exclusión do procedemento de contratación, en cumprimento do recollido no apartado 14.2.2 do PCAP(...).”

	IV7X4LH62BXYQRMIWR45GBHHIU	Fecha y Hora	02/05/2024 15:23:19
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO (SECRETARIO XERAL)		
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÓN (PRESIDENTE)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7X4LH62BXYQRMIWR45GBHHIU	Página	1/2



Onde di:

“2º.- Elevar ao órgano de contratación os seguintes acordos:

- Excluir á mercantil Herbecon Systems SL ,(Lote 1 e 3) por desvelar na súas ofertas técnicas o tempo ofertado de soporte e garantía, criterio que é avaliable de forma automática na seguinte fase. (...).”

Debe dicir :

“2º.- Elevar ao órgano de contratación os seguintes acordos:

- Excluir á mercantil Herbecon Systems SL ,(Lote 1 e 4) por desvelar na súas ofertas técnicas o tempo ofertado de soporte e garantía, criterio que é avaliable de forma automática na seguinte fase. (...).”

Polo anteriormente exposto e, en uso das facultades que lle confire a esta Presidencia o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, **RESOLVO:**

Prestar aprobación á proposta anteriormente transcrita en todas as súas partes.

O PRESIDENTE,

P.D. Decreto de data 04-07-2023

O DEPUTADO PROVINCIAL,

O SECRETARIO,

Asdo: Pablo Rivera Capón

	IV7X4LH62BXYQRMIWR45GBHHIU	Fecha y Hora	02/05/2024 15:23:19
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO (SECRETARIO XERAL)		
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÓN (PRESIDENTE)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7X4LH62BXYQRMIWR45GBHHIU	Página	2/2

